



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



CIRCULAR 3/2009 (19/01/2009 en vermello os cambios)

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS DE CAMPO A TRAVÉS

II CROSS DE GALICIA

Circuito do Monte do Gozo, Santiago de Compostela, 1 de febreiro do 2009

O Excmo. Concello de Santiago de Compostela a través do seu Departamento de Deportes organiza, xunto coa Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago), o **DOMINGO 1 DE FEBREIRO** no circuito compostelán do Monte do Gozo o **II CROSS DE GALICIA** que será a súa vez **CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS**, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices e segundo o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar todos os atletas das seguintes categorías (homes e mulleres):

- **Benxamín** atletas nados nos anos 2000 e 2001
- **Alevín** atletas nados nos anos 1999 e 1998
- **Infantil** atletas nados nos anos 1997 e 1996
- **Cadete** atletas nados nos anos 1995 e 1994
- **Xuvenil** atletas nados nos anos 1993 e 1992
- **Junior** atletas nados nos anos 1991 e 1990
- **Promesa** atletas nados nos anos 1987, 1988 e 1989.
- **Senior** atletas nados entre 1986 e ata veteranos (< de 35 anos)
- **Veteráns** a partir de 35 anos(incluídos) e segundo categorías federativas.

2. Poderán participar todos os atletas das citadas categorías que posúan licenza federativa no II Cross de Galicia¹, **máis só puntuarán no Campionato Galego de Veteráns** os que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2008/2009) por algún clube de Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, anque pertencen a clubs doutra comunidade.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das condicións anteriores.

¹ Nas categorías escolares (de benxamíns a cadetes) a participación estará aberta a tódolos centros, clubs, asociacións... e atletas individuais con ou sen licenza federativa.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



3. Para o **CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS** realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase nas seguintes categorías:

HOMES	MULLERES
- M-35 / M40 (de 35 a 44 anos) - M-45 / (+ de 45 en adiante)	- F-35 / (+ de 35 en adiante)

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante)². Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

4. Nas probas absolutas masculina e feminina (promesa / senior) do **II Cross de Galicia** haberá unha clasificación individual e outra por equipos; na clasificación por equipos **non entrarán os atletas veteranos**, xa que estes participan de xeito exclusivo no Campionato Galego de Veteráns, agás que soliciten a súa exclusión voluntaria na inscrición. Na proba feminina sí poderán formar parte dos equipos as atletas da categoría junior.

A forma de clasificación por equipos será sumando os postos obtidos polos 4 mellores clasificados do clube; o equipo que menos puntos obteña será o gañador. En caso de empate, resolverase a favor do equipo cuio 4º atleta obtivera mellor clasificación individual. Os equipos estarán formados por 6 compoñentes e deberán formalizar a súa inscrición como clube.

5. DISTANCIAS E HORARIOS

II CROSS DE GALICIA / CAMPEONATO GALEGO DE VETERÁNS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
09:45	Benxamín – Alevín	Mulleres	1630 m (1P)
10:00	Benxamín	Homes	1630 m (1P)
10:15	Alevín	Homes	2430 m (1G)
10:30	Infantil	Mulleres	2430 m (1G)

² Os atletas poderán baixar de categoría para puntuar co seu equipo, sendo alo menos 2 os que pertencen á categoría na que se compite. Deberán indicar este feito na inscrición; en caso contrario entrarán sempre na categoría á que pertencen. Non se poderá dobrar nin se permitirán cambios o día da proba.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



10:45	Infantil – Cadete	Homes	4430 m (2G)
11:15	Cadete – Xuvenil	Mulleres	4030 m (3P)
11:40	Xuvenil – Junior	Homes	6430 metros (3G)
12:15	Junior, Promesa, Senior e Veteranas(*)	Mulleres	6030 metros (3P+1G)
12:55	Promesa, Senior, Veteráns (M35-M40) (*)	Homes	8830 metros (2P+3G)
13:40	Veteráns (M45 e seguintes)	Homes	5630 metros (1P+2G)
14:30	Entrega de PREMIOS		

(*) Os atletas veteranos M35-M40 que compitan coa categoría promesa/senior masculina formarán parte do Campeonato Galego e entrarán tamén nos premios en metálico do II Cross de Galicia. Tamén as atletas das categorías junior e veteranas feminino poderán obter os premios en metálico.

- As inscricións remitiranse ó correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com ou o número de FAX **981 191559** como máximo ata o mércores 28 de xaneiro ás 14 horas. Deberán reflexar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenza federativa ou seguro escolar (se procede)**. Para a inscrición por equipos é imprescindible reflexar o nome do clube e os compoñentes do mesmo cos datos persoais arriba indicados.
- Os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.
- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo).
- A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.

10. PREMIOS E TROFEOS

PATROCINADORES OFICIAIS



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Outorgaranse tanto en homes como en mulleres, os seguintes premios en metálico ós gañadores/as da proba absoluta³ do II Cross de Galicia:

POSTO	HOMES	MULLERES
1º Clasificado/a	850 €	850 €
2º Clasificado/a	625 €	625 €
3º Clasificado/a	450 €	450 €
4º Clasificado/a	300 €	300 €
5º Clasificado/a	200 €	200 €
6º Clasificado/a	150 €	150 €
7º Clasificado/a	125 €	125 €
8º Clasificado/a	75 €	75 €

Outorgarase tamén trofeo os 3 primeiros clasificados/as do II Cross de Galicia nas probas absolutas masculina e feminina. Tamén recibirán trofeo os 3 primeiros clasificados de cada categoría (de benxamíns a senior), agás nas probas absolutas onde os gañadores/as non recibirán o premio da súa categoría (premios non acumulativos nestas probas). Nas categorías escolares (de benxamíns a cadetes) tódolos participantes recibirán unha medalla.

Os atletas da categoría veterán entrarán só no **CAMPIONATO GALEGO DE VETERÁNS**; outorgaranse medallas os 3 primeiros clasificados a nivel individual por categoría e sexo, e trofeo ós 3 primeiros equipos clasificados das categorías establecidas.

PREMIOS POR EQUIPOS DO II CROSS DE GALICIA

Outorgaranse tamén trofeo e premio en metálico os 3 primeiros equipos clasificados nas probas absolutas masculina e feminina. A clasificación establecerase pola suma dos postos obtidos polos 4 primeiros clasificados (equipos de 6 compoñentes) *non veteráns* de cada equipo e segundo o sistema habitual de puntuación.

POSTO	HOMES	MULLERES
1º Equipo clasificado	300 €	300 €
2º Equipo clasificado	200 €	200 €
3º Equipo Clasificado	100 €	100 €

³ Entrarán na proba feminina as atletas das categorías junior, promesa, senior e tódalas veteranas; na proba masculina entrarán os promesa, senior e veteráns M35-M40.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



- 11.** Segundo o **artigo 3.4. do regulamento** das competicións autonómicas de Ruta, Pista ou Campo a Través **da RFEA**: *“Por norma general en estas competicións non podrán participar atletas extranxeros que non teñan licenza por la Federación Autónoma donde se celebre la competición salvo si se cumple alguno de los siguientes supuestos.*
- *En Autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar a esta.*
- 12.** Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa RFEA en vigor.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 14 de xaneiro de 2009

NOTA: SE ADXUNTA PLANOS DA COMPETICIÓN

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral para o Deporte

Monte do Gozo / Santiago de Compostela / 1 febreiro 2009

II Cross de Galicia

Campionato galego veteranos de cross



PATROCINADORES OFICIAIS



caixanova



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte



PATROCINADORES
OFICIAIS



PROVEEDOR

